



698 12 72 41



Os Socialistas instan ao concello a levar a cabo un plan de control das fontes e mananciais de uso público

 20, Maio 2018 Cope Carballiño [f](#) [t](#) [w](#) [p](#)


O Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, presentou unha MOCIÓN PARA UN PLAN DE ANÁLISE DE TÓDALAS FONTES PÚBLICAS E MANANCIAS DE TRAIIDAS DE AUGA DE CONSUMO HUMANO DO CONCELLO DE O IRIXO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- Que no noso Concello existen numerosas fontes e mananciais que subministran de auga a toda a veciñanza do Irixo, si ben moitas veces este consumo de auga carece de control sanitario e pode repercutir negativamente na saúde dos veciños e veciñas que fagan uso da mesma.

SEGUNDO.- Que o consumo de auga en mal estado pode ter unha incidencia directa sobre a saúde das persoas, son coñecidas por todos as enfermidades gastrointestinais sen obviar, as enfermidades crónicas por substancias químicas presentes na auga que moitas veces nin sequera se vinculan ca mesma pasando inadvertida a orixe de dita enfermidade que realmente está na auga. Que incluso non é nada novo o feito de que en outros concellos se teñen detectado no pasado contaminacións de arsénico e outras substancias nos mananciais de consumo humano co grave risco para a saúde das persoas.

TERCEIRO.- Que entendemos que as fontes son un ben de uso público e os mananciais de consumo humano dos distintos pobos un ben de primeira necesidade para a veciñanza, un ben indispensable e necesario para a vida, polo que o Concello de O Irixo debería atender a súa vixilancia, control, mantemento e sinalización, dando información da calidade sanitaria das augas que subministran.

CUARTO.- Que entendemos preciso que o concello realice un plan de autocontrol adecuado insistindo naquelas fontes nas que se teña constancia que son utilizadas para consumo de auga e que as sinalice de acordo ás características da auga.

QUINTO.- Que nas fontes e mananciais naturais nos que o concello teña constancia que son utilizadas para consumo de auga habitual deberíase realizar un autocontrol periódico dúas veces ó ano, no cal se deberían analizar os parámetros recomendados pola Xunta de Galicia: olor, color, turbidez, condutividade, PH, amonio, Escherichia coli e bacterias coliformes, nitritos, nitratos, enterococos, Clostridium perfringense e outros

RADIO EN DIRECTO




COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO

TEMPO

O Carballiño

 Hoxe, 21. Maio 2018
00:00-06:00

 Mañá, 22. Maio 2018
12:00-18:00

 23. Maio 2018
12:00-18:00

 O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de [yr.no](#)

CURTAS

MES DE ABRIL "MES DO LIBRO" NA SECCIÓN INFANTIL DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DO CARBALLIÑO, CON ACTIVIDADES PARA OS NENOS DE 4 A 11 ANOS: CONTACONTOS, PAPIROFLEXIA LITERATURESCA, XOGOS, INTERCAMBEO DE LIBROS, DE 17:30 A 20 HORAS, OS DIAS 11,13,16,17,18 E 24.

CHEGA AO AUDITORIO DO CARBALLIÑO O MUSICAL INFANTIL "SOY LUNA" DE DISNEY CHANEL. SÁBADO DIA 17 DE MARZO ÁS CINCO DA TARDE. CON VOCES E PATINS EN DIRECTO. ENTRADAS Á VENDA NO RESTAURANTE COMONACASA.

FESTA DA CACHUCHA, DOMINGO 18 DE FEBREIRO NO CARBALLIÑO: ANIMACIÓN DE RÚA E DESFILES DE FOLIÓNS, CHARANGAS E COMPARSAS, XANTAR NOS RESTAURANTES, E FIN DE FESTA

parámetros en función das características particulares da auga (aluminio, arsénico, manganeso ou ferro, por exemplo). Que segundo as recomendacións e/ou normativa legal se informe/sinalice os resultados dos mesmos e cando sexa posible se proceda a colocación da última análise de auga realizada.

Que dito todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixe presenta para a súa consideración, co fin de evitar riscos potenciais para a saúde, garantir a salubridade da auga e así asegurar a protección da saúde da veciñanza do Irixe, insta ó Pleno municipal á adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.- Que o Concello de O Irixe encargue unha análise exhaustiva de tódalas fontes e mananciais de consumo humano do municipio que se deberá repetir coa periodicidade recomendada pola normativa autonómica ó efecto.

2º.- Que o Concello de O Irixe faga públicos os resultados das análises co fin de que toda a veciñanza coñeza o estado da auga que están bebendo, e que se hai algún problema se tomen as medidas preventivas e correctoras necesarias.

3º.- Que no seu caso se informe insitu, cos carteis correspondentes e axustados ás recomendacións e/ou normativa legal, do estado da auga dos mananciais; "AUGA APTA PARA O CONSUMO HUMANO", "AUGA SEN GARANTÍA SANITARIA" ou "AUGA NON APTA PARA O CONSUMO HUMANO".

COA ORQUESTRA-ESPECTÁCULO GRAN PARADA.

MALASOMBRA PRESENTA O SEU MUSICAL INFANTIL "OS ROCKENSTEIN", O SÁBADO 26 ÁS 6 DA TARDE NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO, PREZO DA ENTRADA 3,5 EUROS.

ROMARIA FESTA NA HONRA A SAN PABLO EN SAMPAIO-MASIDE, OS DIAS 26 E 27 DE XANEIRO. ANIMACIÓN INFANTIL COAS PATMISUKY, ANIMACIÓN MUSICAL CON M3, NEBRASKA E SAUDADE. O DIA 28 ÁS 2 DA TARDE CELEBRARÁSE A IX FESTA DO COCIDO, 18 EUROS POR PERSOA.

EDUCATEATRO PRODUCCIÓN PRESENTA O GRAN MUSICAL INFANTIL "OS 3 PORQUIÑOS", O DOMINGO DIA 14 DE XANEIRO ÁS 5 DA TARDE NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

BELÉN VIVIENTE DE DACÓN, O DIA DE NADAL AO MEDIODIA NA CARBALLEIRA DA GARRIDA, O POBO DE DACÓN REPRESENTA AS DISTINTAS PASAXES BÍBLICAS DO NACEMENTO DO NENO XESÚS.

XX FESTA DO VIÑO NOVO DE CABANELAS: O DOMINGO DIA 19 DE NOVEMBRO, CON DEGUSTACIÓN DE VIÑO E CASTAÑAS DENDE AS 12 DO MEDIODIA, E XANTAR CON PREZOS POPULARES ÁS 14 HORAS.

III ANDAINA E TRAL DO OUTONO DO CONCELLO DE PIÑOR, O DOMINGO 5 DE NOVEMBRO DENDE AS 10 DA MAÑÁ. RECORRIDO CIRCULAR POLAS TERRAS DO MUNICIPIO PIÑORENSE.

XV FESTA DOS COGUMELOS DE SOUTELO DE MONTES: O DOMINGO 5 DE NOVEMBRO, STANDS DE PRODUCTOS LOCAIS, CONCURSO DE CESTAS E DEGUSTACIÓN DE COGUMELOS E MAGOSTO POPULAR.

Desenrolado por coroa.es

